



# Consello de Galiza



## Boletín Oficial Informativo

"Cando máis pensamos no porvir de nosa Terra, máis nos convencemos da necesidade urxente de nos unir todol-os galegos de boa vontade". CASTELAO

AGOSTO 1966

Redacción: Belgrano 2186 - Capital

### D I A D E G A L I Z A

Como ven acontecendo todolos anos, celebráronse no derradeiro mes xulio as xeiras patricias adicadas exaltar á nosa Terra no seu día maior, o "Día de Galicia".

Banquetes, festas típicas galegas, función de gala no primeiro Coliseo arxentino, o Teatro Colón, conferencias, etc., deron releu a presenza de Galicia á Capital arxentina na derradeira semana de xulio. Todalas pequenas e grandes asociacións galegas rivalizan en tales días nos seus afáns por enaltecer o vello e grorioso "Fogar de Breogán". Máis como sempre é a nosa meirande institución, o Centro Galego, o que cos seus aitos e conferencias xerarquiza e honra a Galicia en grao maior pois as súas "Xornadas Galegas" reverquen do dintorno da nosa caleitividade e levan a vos e a imaxen da Terra os máis calificados círculos económicos, artísticos culturais etc., dista Capital, contribuíndo así de xeito positivo a espallar i-enaltecer a cultura e a persoalidade nacional do noso país.

Compre destacar que as "Xornadas Galegas" deste ano contaron coa valiosa presenza do Dr. Valentín Paz Andrade, quien pronunciou conferencias no Bolsa de Comercio, no Instituto Popular de Conferencias, na Facultade de Filosofía e Letras, en L. R. A., Radio Nacional, no Salón Castelao, perante o moimento a Rosalía, i-en convites, homenaxes e outros aitos.

Como é lóxico supor, o "Consello de Galiza" participou coa súa presenza aitiva entodolos aitos de carácter patriótico, destacándose pola súa significación o homenaxe ofrecido o Dr. Paz Andrade consistente na entrega dunha medalla de ouro pola súa permanente e brillante laboura ó servizo de economía e das liberdades de Galicia. Dito homenaxe tivo lugar no marco do Centro Pontevedrés no convite conque ista entidade e o Centro Galego agasallaron o Dr. Paz Andrade. Fixo a oferta da medalla con axeitados conceitos, onde se puñan de releu os grandes merecementsos do homenaxeado o Segredario de Coordinación do Consello de Galiza Sr. Antón Alonso Pérez, agra-

decendo con verbas cheas de patriótica emoción o Dr. Paz Andrade.

Outro calificado e patriótico acontecer que contou coa colaboración dos homes de Consello, foi a "Cea Patriótica" conque a "Irmandade Galega" celebra todolos anos o día 24 de xulio o alborar do Día de Galicia. Como xa é tradición nista eucaristía laica coa nosa patria, ocupa cada ano o sitial de honor un patriota que se houbera destacado polo seu labor en honrar e servir a Galicia, as seus liberdades, a súa cultura e a súa persoalidade nacional; ocupando iste ano ise sitial, o gran artista i-escritor Lois Seoane. Ista cea desenrolouse perante un marco de calificada representatividade onde se atopaban presentes as autoridades das mais importantes entidades do mundo galego dista capital como ser: Centro Galego de Bos Aires, Centro Ourenán, Cruñés, Pontevedrés, Betanzos, A. B. C. de Corcubión, Federación de S. Galegas e destacados persoeiros do ambiente artístico, intelectual, económico, etc.

O homenaxe foi ofrecido polo Dr. Fiz Fernández quen puxo de releu con brilantes e acertados conceitos, que mereceron o aplauso e aprobación de entusiasta concurrencia, a gran xerarquía das tarefas artísticas e culturais en xeral do homenaxeado, sempre signadas por sello de fidelidade á patria galega sobor de todo os seus anxeos de liberdade, de cultura e superación económica e social.

O Dr. Paz Andrade, presente na cea que reseñamos, pronunciou unha patriótica eixortación, pra que todos teñamos a Galizia presente non sómentes nos días señalados senon o traveso de todo o ano loitando erreo até conquistar impor os seus ideaes de redención nacional.

Tamen o Dr. Seoane, auxeto do homenaxe, pronunciou unhas verbas nas que puxo de releu a grandeira contribución feita polos galegos os ideaes de liberdade dos novos países iberoamericanos, particularmente da Arxentina e agradeceu o agasallo de que era ouxeto con verbas acesas de emoción.

### D I A D E G A L I Z A N O - M E X I C O

Na Capital mexicana, onde aítua con toda eficacia unha aitiva delegación do "Consello de Galiza" presidida polo Dr. Carlos Velo, foron celebradas iste ano as xornadas en celebración do Día de Galicia coa brilantes i-entusiasmo patriótico que xa é tradicioal. Os aitos programados acadaron éxito pleo e a total adhesión dos galegos que moran na devandita Capital.

Entre os aitos programados compre destacar a cea levada a cabo no restorant Crillón, que foi amenizada coa interpretación de música galega polo famoso saxofonista Fernando Vilches; cantando a estrela da radio e T. V. mexicana Angélica María algunhas fermosas páxinas do noso folklore entre elas a popular "rianxeira". Tamen

(Continúa na pax. 3)

## HOMAXE MERESCIDO

Aproveitando a felis circunstancia de se haber entregado o informe das labours do "Consello de Galiza" leido polo Segretario de Coordinación Sr. Antón Alonso Pérez, na derradeira Asambleia Plenaria levada a cabo no Centro Pontevedrés, un fato de amigos quíxolle testemuñar ó devandito señor, un ítimo pero xusticieiro homenaxe pola eficaz labouira que ven desenrolando. Máis o señor Alonso Pérez, mantendo invariabel unha vella aitude, de non aceptar ningunha clás de homenaxes, negouse tamén a dar o seu consentimento pra o que neste intre se lle oferecia e houbo que lle dar á cea xa programada outro caraiter do que orixinariamente tiña. Non embargantes, coidamos que é un deber de xustiza reproducir aquí as verbas que o oferente do agasallo tiña de pronunciar.

Amigos:

Atopamos xuntos arredor dista mesa, co ouxeto de proceder á entrega do impreso que contén o informe que o irmán Alonso Pérez, habia lido na derradeira xuntanza das Comisiones que compoñen o Consello de Galiza e que se refire as labours desenroladas ó longo de xornadas de traballo patriótico ó servizo de Galiza e dos seus dereitos de reivindicación nacional polo Consello devandito. Máis, ise non é o verdadeiro ouxeto dista xuntanza señón o de lle testemuñar o noso homenaxe e adhesión a quen co seu patriotismo xeneroso e a súa perseverante adicación, fixo posibel isa brillante xeira que pón de releu o informe que imos a entregar; ise home non é mester nomealo, todos sabemos que me refiro a irmán Antón Alonso Pérez.

Dende logo que iste homenaxe, de dintornos reducidos, non é o que un home como Alonso Pérez, de tan longa e fecunda aituación merese; a nosa colectividade inda se atopa con ista débeda pendente, inda que tamen é certo que o irmán Alonso Pérez foi sempre oposto a ista clás de aitos, e somentes e posibel traguelo a unha mesa cando algunha razón de orde patriótico reclama a súa presenza.

Eu non vos vou falar da personalidade de Alonso Pérez porque todos os presentes a conoscemos e valoramos e ademais non e iste o intre axeitado pra elo, mais compre por de releu a xeira proveitosa e fecunda que Alonso leva desenrolada dende que se reorgaizou o Consello de Galiza, a que non houbera sido posibel de non contar co seu dinamismo, a súa disciplina no quefacer patriótico, a súa xenerosidade e o metódico ordeamento da súa tarefas.

Vivimos nun intre histórico que costitue unha verdadeira encrucillada, unha época de transición na que e doado alviscar como van caendo unha a unha as columnas de inxustiza, da tiranía, da incomprensión, do fanatismo cerril e barbaro. Unha época, na que se vai afirmando cada vegada mais o dereito dos povos a falar, nas suas linguas, a cultivar as suas respeitivas personalidades nacionais que mais tarde ou mais cedo, solo e custion de tempo, acabará por impor o reconecemento dos seus respectivos idreitos políticos, cando a forza incontibel das suas demandas poida romper o balado dos sórdidos intre-res que se opoñen a tal reconecemento. Nistes intre-res, a existencia do Consello de Galiza faise tan necesaria que costitue unha verdadeira imposición das circunstancias. Velahi pois a gran contribución patriótica de Alonso Pérez, a de lle dar nova vida ó Consello de Galiza cando máis Imperiosa é necesaria se fai a súa existencia. Máis é penoso ter que reconecer, que cando máis atentos e vixiantes deberíamos de nos atopar, pra lograr nos intre-res decisivos que se aveciñan o reconecemento das nosas demandas, polas que vimos loitando dende o trunfo da tiranía centralista, é precisamente cando no seo dunha colectividade, que como a nosa mantivo sempre aceso o seu idealismo, amóstranse craros sinos de

claudicación decadente, da que compre responsabilizar en priméiro termo, ós que pregoando un patriotismo que non sinten soio pensar na satisfaciñón de cativas e negativas vaidades, ó servizo incondicional da antipatria e da traición. De non ser asin, o entreguismo antigalego que tenciona trocar as nosas institucións en bandeirantes dun hispanismo ridículo e trasnoitado, se non atreverían tansiquier a facer públicas as suas pretensions por mor de non facer o ridículo, e hoxe, non embargantes, saen á rua dispostos o asalto do que deica agora lles estivo vedado, porque eran fortexas do patriotismo e da liberdade. Niste ambiente de decadencia e claudicación, é unde se pon de releu precisamente a conducta ergeita de homes como Alonso Pérez sempre fideles a unha causa a un destiño a un ideal.

## A TRAXEDIA DE CASTRELO DO MIÑO

Non somos nemigos do progreso; non temos xenreira contra as empresas capitalistas, nin tan siquera vertemos vagoas inútiles cando para deixar paso a unha obra de ben público é mester dalgún saoreficio, pre que il resulte lóxico.

Mais no caso de Castrelo do Miño, en que se pretende exulagar un dos lugares máis fermosos de Galicia e ainda de Hespaña, eispropiando isas terras en favor de F.E.N.O.S.A., non podemos calar nin estarnos quedos.

Os labregos do val de Castrelo do Miño teñen razón cando din que prefiren morrer coas súas terras, porque iso non é pior que condenalos á fama. Todas as forzas vivas da Terra, todos os periódicos de Galicia e doutros sitios de Hespaña ponen o berro no ceo e craman dos poderes públicos xusticia para ises labregos cheos de anguria, de desacougo e preto da desesperación.

Nise vai, un dos máis feraces de Hespaña, onde se colleitan, ademais de proveitosos froitos de toda cras, os famosos viños do Ribeiro, traballan e moran 8.000 galegos, 1.600 familias que non teñen problemas económicos, que non cofecen os tristes camiños da emigración, que mandan os seus fillos ás universidades, que recadan a máis outa renta per cápita de Hespaña e que nascen, viven felices e morren nos seus eidos.

Pois ben, isas terras van a sere arrincadas ós seus donos pola forza para llas entregar a F.E.N.O.S.A. co pretexto de construír un salto xenerador de eletricidade. Isa obra non pode, non debe levarse a termo amén doutras, polas seguintes razóns:

- 1ª A concesión a empresa entróu fai tempo en caducidade.
- 2ª A enerxía eléctrica a isa costa e máis perxudicial que beneficiosa para Galicia.
- 3ª Os pranés de enerxía nuclear para 1970 — quizabes denantes que o salto esté terminado — demostran que a competencia daquela enerxía trocará en inútiles todos os saltos hidroeléctricos.
- 4ª Está demostrado que isa obra pode facerse catro on cinco kilómetros augas arriba, sin grave quebranto para a agricultura e lle dando o mesmo proveito á empresa.

Eu por derradeiro, non se debe levar adiante ise pran porque il significa a miseria, a desesperación ia morte de moitos galegos difos, sin que eisista compridamente demostrado nada que xustifique ise saoreficio.

Diante ista traxedia dos labregos do val de Castrelo do Miño, todos os galegos do mundo debemos xuntar noso cramor percurando evitarlles ise door irreparabel.

# DELEGACION EN PARIS

## INFORME POLITICO

A actual situación do problema político español pode resumirse nunha soa verba, confusión: Confusión ausoluta en todos os aspectos en todos os círculos tanto do réxime como da oposición. A ningún se lle oculta que os días do réxime fican contados xa; máis inqueda a todos o que poida vir após da súa caída.

Dende que entrou en vixencia a nova lei de prensa, nos xornaes peninsulares véñense sucedendo os artigos encol da institucionalización do réxime, da democratización do país; a sucesión, a monarquía, a República, a reconstrucción, os sindicatos, etc., etc. En todos e cada un distes artigos e doado ouservar a confusión que aniña nos espritos e pode ollarse craro que cada un teima leva auga pra o seu muiño. Os que falan da institucionalización son os que desexan que siga o franquismo, inda despois da morte do dictador, falan da democratización do País, fano sin se definir craramente, son os accidentalistas que xogan indistintamente a carta monárquica e a republicana; os monárquicos encetan campaña tras campaña, encosta tras encosta, co ouxeto de lle ir inculcando no sentimento do pobo meo a idea de que somentes unha Monarquía pode salvar ó país do caos que se avciña, mantendo a paz e o benestar de todos e prometendo troques sociais que todos sabemos que non poderán levar a cabo ende-xamanís. Dessacretan todo o que poden á República e ós republicans, desvirtuanda historia e incluso artellando o que millor lles convén ós seus fins. Nin que decir ten que todo isto é permitido pola censura oficial a que incluso veo ben. Tamén se fala con toda craridade, dando incluso nomes, das conversas habidas entre outros cárgos do Sindicato Vertical e dirixentes da C. N. T. do interior, conversas que terían por ouxeto procurar de chegar a un acordo de colaboración pra a reforma das estruturas sindicais. Danse detalladas noticias dos movementos de protesta dos universitarios, das folgas obreiras e das manifestacions de protesta organizadas polas forzas da oposición. O único que deica agora se non permite é que as figuras máis destacadas da oposición poidan eixpresar con liberdade o seu pensamento a criticar todo o que de malo fíxo ou faga o Goberno. Moito menos a presentación de progrmas políticos das forzas opositoras ó réxime. De todo isto xarde a conclusión de que eisigite unha certa liberdade de prensa, pero en senso único e gobernada dende o poder. E posibel que a cousa sexa adrede co ouxeto de lle poder decir ós pobos hispanos, moi axiña: "Isto é o que vos agarda se non seguides sendo fideles a Franco e o Movemento; Folgas, disturbios manifestacions, anarquía, separatismo, etc.". Digo, e coído isto, porque nos círculos achegados ó Goberno fábase de que o 18 de xulio, ou en data próxima y en sesión extraordinaria das Cortes, convocada o efecto, Franco presentará ó país novos proxeitos de Ley, reformas institucionaes que someterá a plebiscito en outubro ou novembro.

O Opus Dei xoga descaradamente a carta de don Xoan Carlos o que equivale a unha monarquía imposta ó país, e sostida polos mesmos grupos de presión actualmente no poder, esta manobra foi en parte desbaratada coas derradeiras declara-

cións que dende Estoril ten feito don Xoán. E comenmente que se seipa que estas declaracións íronlle arrincadas pola forza polo grupo máis liberal do seitor monárquico, que ameazou con abandonalo definitivamente e fundar un partido republicano de dereita.

Os falanxistas que aínda o siguen sendo, val decir que aínda se non pasaron ós grupos de oposición son cáseque todos partidarios dunha República a súa maneira, autoritaria e centralista; así o manifestan en xornaes e revistas. Así por exemplo, Rodrigo Royo, Director da revista SP., falanxista, camisa vella, nun artigo que tida "El futuro político español", aparecido no número da súa revista correspondente ó derradeiro primeiro de maio, desde (descatar) a rexencia e atacar vio-

lentemente a Monarquía, remata decindo:

"A República, como outra alternativa, ten de entrada o incomente do seu antecedente histórico, que é tan nefasto como a Monarquía dos Borbóns. Pero hai que decir no seu favor que a República, como sistema de goberno pra xente seria e civilizada, aínda non foi experimentada na Hespania. A República de 1873 foi unha, peripecia dinástica e unha República sin repúblicanos. A República de 1931 foi un desastre do que tiveron a culpa as dereitas. A dereita española, completamente xorda perante o clamor popular, non quixo ser republicana, negouse en redondo a ser republicana e cargouse a II república non en 1936, cando Franco veu é rescate de Hespana, senón o mesmo mes de abril de 1931.

"Si hai que descartar a fórmula da rexencia como sucesión ó posto de Franco, porque non temos outro Franco de reserva, e si hai que descartar a Dictadura por un réxime de emerxencia, ó que somentes débese, e ten de se recurrir cando as causas van mal, na alternativa que queda entre Monarquía e República, desexo anticipar que a min, si me preguntan, encantárame decir que prefiro a República".

A iste artigo repostou, no ABC do día 5 de maio, o señor Bernardo de Salazar, defendendo a causa monárquica e co consabido violento ataque á República.

Todo isto pode dar unha idea de como está a situación no interior de Península, entre os propios falanxistas que son os únicos que poden escribir na súa prensa.

(Ven da pax. 1)

aituou nista ocasión o Cadro Artístico do Padroado da Cultura Galego coa presentación de estampas típicas galegas. Tal cea levouse a cabo o sábado 23 de Xulio.

O domingo 24, víspera do Día de Galiza, as 9.30 horas, tivo lugar o famoso "Mitin das Arengas" no que interveñen unha destacada risca de oradores sempre falando encol de temas patrióticos. O devandito mitin foi espallado pola emisora X.E.S. M., na Audición Hora de Galicia. O mesmo día as 12.30 horas colocouse unha oferenda froral con unha garda de honor os Héros do México na Coluna da Independenza.

# NO 50 CABODANO DA FUNDACION DAS IRMANDADES HONR

Entre os patriotas galegos dos derradeiros tempos que teñen acadado mais esgrevia e patriótica sinificación pola súa trascendental aportación o esperar da conciencia nacional do noso País, figura Antón Villar Ponte. Naceu na vila de Viveiro da provincia de Lugo o 2 de Outubro de 1881, e morreu na Cruña o 4 de Marzal de 1936. Na Universidade de Sant-Yago fixo os seus estudos de carreira de Farmacia. Logo de licenciado, exerceu a súa profesión na vila mariñeira de Foz, e foi alí onde escomenzou as súas actividades literarias de xornalista ó servizo de Galiza que xa se non habian de deter endexamais e que tanto fixeron pra espertar as adormentadas conciencias do noso pobo.

Antón Villar Ponte, como Castela, deixa axiña a súa profesión pra se adicar á súa vocación de xornalista ó servizo dun noble ideal de redención da patria apreixada. O seu primeiro artigo foi publicado nun semanario que levaba o simbólico título de "Nueva Brisa".

Emigrou a Cuba como si tivera de tal xeito que ser fidel ó destino emigratorio do pobo galego. Alí viveu varios anos nos que foi redactor xefe e despois Director do "Diario Español". Tamén dirixiu aló as revistas "Follas Novas" e "Alma Gallega".

De volta na nosa Terra, organizou no seu pobo natal Viveiro, a conmemoración do centenario do poeta romántico Nicomedes Pastor Díaz. Logo trasladouse á Cruña e foi alí onde desenrolou a fecunda, brillante e incansable laboira ó servizo dun xornalismo novo, un xornalismo didáctico, sementador de inquedanzas patrióticas, escarecedor dos seculares problemas que padeceu e padece aínda a nosa Patria. Colaborou en xornales galegos, madrileños e americanos, con numerosos artigos de resonancia popular. Da súa penna teñen saído mozas de traballos sempre ó servizo da nosa Patria.

Foi Director do xornal cruñés "El Noroeste" por unha longa tempada i-entón pra satisfacer as

O se cumprir no derradeiro mes de maio o 50 cabodano da fundación das Irmandades da Fala, compre dirixir unha oliada retrospectiva pra valorar axeitadamente a trascendental gravitación que a mesma ten operado na conciencia do pobo galego, un pobo apouvigado até entón, por unha chea de adversas circunstancias históricas, que o mantiñan nun estado de exceicismo suicida, incapaz de comprender e valorar toda a súa grandeza histórica, sin pulo vidual pra enroitar con azos anovados o duro e sagrifcado, máis espranzado viero, da anxeiada emancipación de todo alleiro sometimento.

Cantos aconteceres no decorrer distes 50 anos! Ledos uns, dramáticos os máis, pero cheos de grandeza e de esperanza. Nise intre, foron protagonizados os feitos mais gloriosos da nosa longa historia, signados moitas vagadas coa sangre xenerosa de herois e de mártires, que xa son fitos perdurables e alicionadores das súas páxinas. Até o ano 1916, Galiza era pra a cáseque totalidade do seu pobo, unha esquecida e sagrifcada "Región de España". Oxe, no 1966, Galiza é pra os seus millores fillos, os "bos e xenerosos" que xa constituen moitidumes. "A Irredenta Nación Galega", a Patria dun pobo de gloriosa tradición que teima voltar

necesidades de tal xornal e as colaboración que pra España e o Extranxeiro tiña que atender, tiña sabor de si a obriga de escritor polo menos sete artigos diarios.

Foi Director - Corresponsal por unha longa tempada en Galiza, do "Diario de la Marina" da Capital de Cuba, a onde remesaba tres longas crónicas por semán, que reflexaban todo acontecer do País galego. Foi tamén Redactor do xornal Cruñés "La Voz de Galicia", ademáis remesaba a cotío colaboración os xornales "Galicia", "El Pueblo Gallego" de Vigo e a "El Sol" de Madrid.

*Fai máis de trinta anos, Antón Villar Ponte escribía no gran xornal que naquel intre era "El Pueblo Gallego" de Vigo, o artigo que reproducimos a seguido. Ne le o gran xornalista e patriota, pon de releu con nidia craridade, a lóxica contundencia dos seus conceitos a prol da nosa autonomía, a rexedume da súa penna posta o servizo do noso País con paixón inesgotabel.*

E inviduabel que inda hai moitos paisanos nosos, que non lograron decatarse de xeito cabal do que pra Galiza significa a Autonomía. Coidamos que incluso fican desortados con relación a isto bastantes señores que presumen de cultos.

E por ello que hai que espallar o ideal autonomista con tenacidade en xornales, revistas, carteles, mítines, conferencias, etc. E até coído que constituiría un verdadeiro acerto abrir un concurso con un premio decente pra recompensar o millor traballo, metódico, razoado e craro —sobor de todo craro— encol da Autonomía de Galiza. Porque teño a seguranza que que ninguén que se decate do que ela significa pra nós deixará de ser da mesma un resolto paladino.

A propaganda do Estatuto feita a conciencia debe chegar a todo recuncho onde haxa algún galego.

As razóns que temos pra aspirar o réxime autonómico son moi contundentes e ben compre con sinalas en breve ringleira:

## ARGUMENTOS APROL DA AUTO

Hai unha de caraiter histórico, da cal non podemos desentendernos por moi pragmatistas e futuros que nos sintamos. A de que Galiza, esviada dos seus canles naturaes pola uniformidade que inpuxeron os Reises Católicos e po lo influxo das ideas do renacemento, tanto como polas descubertas; sufren máis que ninguña outra rexión de Hespaña por mor da súa situación xeográfica as causas letales do centralismo, o que non foi oustáculo pra que contra to do e contra todos mantivese un certo réxime autonómico até o século 17, como Murguía e Pérez Costanti teñen demostrado craramente. Cando Galiza deixou de ser reino pra se desenteirar i-esvaerse na "xeografía separatista que le to cou en sorte" asegún aguda frase castelán, quedou sumida en pleo abandono que soio Carlos III poido amenguar de xeito pasaxeiro. E como o fador xeográfico inflúe no histórico, desprezado aquel historicamente deixamos de ser pra Hespaña outra cousa que unha colonia, até que a guerra da Independencia entregounos de novo a posteriori ás nosas propias enerxias, traguéndonos ares de liberdade nas aas das águas francesas. Entón recobramonos nos mesmos en aras da tradición racial que foi de cívica rebeldía até o intre mesmo de nos haber domado Fernando e Sabela. Nos vivimos de xeito máis ou menos intenso influidos sempre polo

# AMOS O SEU ESGREVIO FUNDADOR ANTON VILLAR PONTE

a ser artífice do seu propio destino. Velahí canto representa pa o noso País a creación das Irmandades da Fala. Nas suas ringleiras atoparon os escolleitos, o canle axeitado pra dar cima os afáns de coñecemento dos vaores que atesoura o noso acervo nacional e de tal xeito descubrir a "facies" auténtica do País galego. As Irmandade da Fala, foron escolas de patriotas, onde non somentes se deprendia a coñecer, amar e honrar a Galiza, senón tamen a situar ó home galego nunha coorrecta aitude de dinidade perante o mundo, a xustipreciar doadamente a morea de feitos históricos conque os galegos contribuíron ó progreso da humanidade.

Nas ingleiras das "Irmandades", atoparon o seu moide formativo os mais esgrevios galegos das derradeiras xeneracións: Castelao, Bóveda, Quintanilla, A. Casal, Suárez Picallo, Cabanillas e cantos viviron, sentiron e amaron a Galiza con aceso e leal patriotismo; velahí pois, porque niste medio século percorrido dende a sua fundación, o mundo galego réndelle un emocioado homenaxe no que alumea a esperanza dun porvir ceibe e venturoso pra un povo diño de millor sorte da que deica agora lle ten tocado vivir.

Antón Villar Ponte foi non somentes un fecundo e brillante xornalista senón tamen un xurديو escritor. Publicou as novelas "Villahermosa", "Rapsodia Bohemia" e "Almas Mortas"; o texto "Os nosos vaores", varios ensaios teatrales, i-en colaboración con Cabanillas, a lenda tráxica "O Mariscal". A publicación do seu rexo folleto "Nuestra Afirmación Regional" foi o pulo que xermolou na creación das "Irmandades da Fala".

Villar Ponte era un fondo coñecedor dos problemas de Galiza, e non pasaba un soio día sin que a sua pensa rexa e crara, non escribira algo

tocante a un dos moitos problemas que magoan o noso País; con un senso craro e cecais un tanto polemico, rendia unha impresionante laboura es-cracedora e patriótica. Foi sin dúvida alguna o xornalista galego mais fecundo dos tempos modernos; perante máis de corenta anos, Galiza foi pra ele unha paixón, un ideal, unha ousesión. Cultivou o noso esgrevio idioma con amplitude en canta ocasión se terciaba pra elo, ó traverso da sua vida de xornalista non pasou un soio día sin ter escrito algo encol de Galiza, calisquerra que fora o tema que despertara o seu aceso patriotismo, pois Villar Ponte era un agudo coñecedor de calisquera tema que tivera relación coa patria dos seus amores e dos seus desvelos.

Antón Villar Ponte posuía amplia cultura. Os temas literarios, históricos, sociais, musicales, artísticos, etc.; eran pra ele material de espallamento. Había que lle dar a coñecer ó pobo galego toda a gama ricaz do seu tesouro cultural e Villar Ponte cumpreu cal ninguén isa didáctica i-evan-sélica laboura. Era un apóstolo da boa nova da redención nacional galega e como tal, era desintresado, sinxelo e sincero, como compre a todo home de esprito superior adicado a unha misión de alcances tamén superiores.

No ano 1931 ó se proclamar a República en España, Antón Villar Ponte foi eleixido deputado pola provincia da Cruña e se como xornalista foi brillante e positivo, tamén como político destacou a sua rexa persoalida por riba do común denominado dun Parlamento que cal o das Cortes Constituintes do 31, non houbo na Península outro que cantara con homes tanto releu a valimento.

Cando chegue o intre de facer o balance histórico dos aconteceres galegos dos tempos atuais, a figura de Antón Villar Ponte será como unha estrela de primeira manitude na constelación da nosa Patria, e a sua lembranza acadará relevo de grandeza na concencia das xeneracións galegas do porvir.

## ONOMIA por ANTON VILLAR PONTE

sentimento de liberdade que nos caracteriza, sentimento conxénito que soio poido voltar a se apagar de todo, cando o despotismo ilustrado do centro, nos esnaquizou e desenteirou nas catro provincias atuais. Catro séculos de illamento, de colonización por extrancos que amáis de nos colonizar nos inxuriaban cmo venganza polas nosas petéritas rebeldías. Como non nos ian a infundir un tristeiro sentimento de inferioridade cuia secuela derradeira tiña de ser a perda da concencia do noso propio valer?

Soio a autonomía pódenos levar ó recobro da nosa persoalidade natural, cuos caracteres xeográficos e históricos coincidiron sempre. Iste recobro implica a reconstitución expontánea da nosa unidade, o aniquilamento do esprito provinciano que adormenta totalmente as nosas enerxias. O desaparecer as provincias, Galiza rexurdirá con vigor xuvenil, atopándose de novo en estado nascente que é o estado insuperabel de creación. Pra deixar de ser un territorio con habitantes e pasar á categoria de país con ialma isto'é assolutamente preciso.

Somentes co réxime autonómico que impón a máxima aitude, a suprema responsabilidade, o noso progreso material i-espritoal serán posibles, por que unicamente entón, a de se concebir unha intima conxunción dos mesmos a ton coa "Xeografía separa-

tista que nos tocou en sorte", cuia diverxencia resulta notorio co resto de España. Soio co a autonomía entón, con unha seria e xusta vaoración do que nos é propio, poderemos chegar a necesaria armonia do noso e do alleo dentro do Estado español.

Por dinidade, por egoismo, por motivos de índole patriótica, por razóns humanitarias, xusticieras e culturais, a autonomía fáisenos necesaria máis que necesaria imprescindible. O ser i-o non ser de Galiza dela dependen.

Pra concebir a posibilidade de grandeza dunha Galiza autónoma, hai que pensar en Dinamarca, Holanda, Belxica, Suiza e outros pequenos Estados pero grandes pobos de Europa. Cáseque todo o que istos son, poderemos selo nos se conseguimos impor un propio goberno afincado nas nosas realidades.

A confianza en nos mesmos soio pode vir do noso propio goberno exercido enteiramente por toda Galiza.

Pensade que o noso país háchase constituído por unha verdadeira democracia. Pensade no palramento rexional en contaito directo có pobo. Pensade no pobo en contaito có goberno. Pensade nas parroquias, nosas entidades naturais máis puras, funcionando como soberáns consellos abertos a fin de se dar un réxime de vida, coa libre esponteneidade e a libre responsabilidade de todolos seus veciños, tanto pra o re-

(Continúa en la pág. 6)

## OS NUMEROS CANTAN

Como unha proba de que a pretendida e tantamentada prosperidade española non é outra cousa que o que reverque da real prosperidade dos países d'Europa, que lles permite ós seus probos aproveitar a baratura da man de obra dos traballadores peninsulares, a máis "tirada" de continente, re producimos a seguido alñns coñeitos do Informe Económico do Banco de Coruña do ano 1964 que din moito máis de que poidan alegar os propagandistas do réxime franquista sexan eles os intresados ou os parves.

Outro ano máis en que o turismo e os xiros dos nosos emigrantes teñennos deperado unha balanza de pagos favorable. O superavit ten sido de 292.1 millóns de dólares e como o do ano 1963 foi de 81.3 millón de dólares, resulta que o incremento diste superavit entre ambos anos ten sido de 210.8 millóns de dólares.

A Balanza de Mercancías segue co seu déficit xa tradizoal, remontándose a 994,6 millóns de dólares no ano de 1964 rebasando d'etal xeito a do ano precedente en 57.9 millóns de dólares. Compre sinalar que o incremento diste déficit non ten resultado tan desproporcionado como o de 1963 en relación co de 1962; pois entre estas dúas etapas, o salto diferencial ten sido de 403,6 millón de dólares, debido a política do Ministerio de Comercio de importar bens de equipo pra anovar o posuído polas nosas velhas empresas.

Teñen rogresado as nosa exportacións que superaron as do ano precedente en 224.2 millóns de dólares, seguindo do mesmo xeito a súa marcha ascendente as nosas importacións que rebasaron en 282 millóns de dólares as do ano anterior.

Ainda se non alviscan uns síntomas claros de mellora no noso comercio exterior. A creación dunha mentalidade exportadora estase facendo cada vegada máis precisa, e caba apontar que en algúns setores das nosas empresas aníñia iste espírito competitivo que nos haberá de permitir atoparnos presentes nos mercados internacionais con meirande extensión e intensidade, máis pra que stas intencións se traquen en realidade son mester de medidas internas coadyuvantes que lles permita as empresas adoutar con rapidez e decisión a reforma das súas velhas estruturas que afectan sen dúbida algunha os tres faltores económicos que indetidamente manexan, o traballo, o capital i a técnica. Son faltores que pola súa interrelación eixisen un trata coordinado e simultáneo. O emprego en meirandes dosis ou en condicións de maior perfección de un calquera deles saie impor en moitas ocasións a mengua na utilización dos outros, e dista eixistencia de relación de substitución e complementación, asegún os casos, debe ser rápida, reduciendo ó mínimo, se mester fora, as trabas de orde legal pra lograr o ouxetivo có custo mínimo e a rapidez máxima.

Con relación os visitantes do ano precedente, o ele foi quen salvou o déficit da Balanza Comercial. Máis de catore millóns de eixtranxeiros nos teñen visitado, e agárdase que iñta avasanza de turistas foráneas no 1965 sexa aínda maior. Ista forte corrente eixtranxeira arrequéntese de xeito notorio parente o vrñ, e velañi que a tal circunstancia sexa un elemento perturbador pra o nivel xeral dos preios alimenticios. A forte demanda que se orixina nista estación e a causa de presións inflacionarias sabor dos artigos alimenticios, que poderían ser amengoadas utilizando con habilidade o resorte das importacións.

### CONSUMO DE ENERXIA ELÉCTRICA EN GALIZA POR HABITANTE NO ANO 1963

Provincias	Posto en España	Kws. por habitante e ano
A Cruña .....	20 .....	662.62
Ourense .....	24 .....	500.70
Pontevedra .....	29 .....	409.76
Lugo .....	43 .....	217.20

Ousérvase que o consumo por habitante en Galiza fica moí lonxe do que disfrutan as provincias industrializadas - Guipúzcoa 2.882 e Vizcaya 2.822 Kwh apesares de que o manaxe de industrias nites derradeiros anos fixo subir considerablemente o índice de consumo, e diste xeito pode apreciarse que entre os anos de 1961 e de 1963 a arrequeñamento foi de 30.2.% o cal representa unha encumación moí considerabel, que certamente non ten repercutida en beneficio de poboación co alcance que a tal porcentaxe expresa, debido a que os alicerces de partida eran mois baixos e os incrementos pra seren apreciabels no nosa economía terán de ser non somentes outos senon continuados.

O finalizar a ano de 1963 aínda eixistian en Galiza 312.844 habitantes que non dispoñían de lus eléctrica, o cal presupuña 7.049 núcleos d'epoboación menores de 2.000 rabinanets que carecían diste trascendental servico, e de-

cir, que o 12.4% da poboación aproximadamente, alumeadase con quinqé o mesmo que na idade meia.

Ni ano de 1963 dotouse de alumeados a 1.245 núcleos de poboación que afectaron a 40.424 habitantes. En moitos distes núcleos douse a paradoxa de pasaren de non ter lus a disfrutar da televisiónfrutar da televisión.

até iste intre descoñecemos cales teñen sido os habitantes e u número de aldeas favorecidas perente o ano 1964. O, certo, o nnegabel é que aínda hai en Galiza uns cantos milleiros de habitantes que non dispoñen nas súas moradas da lus eléctrica que é o alumeados e fonte de enerxía que deu tón o século atual.

## ¿TEN GALIZA UN IDIOMA PROPIO?

*Estamos fartos de saber que o pobo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmanao castelan e pai do portugués. Idioma apto e axeitado pra ser vehículo dunha cultura moderna e-co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas.*

O galego foi instrumento maravilloso da grande e única poesía lírica de Hispania e con ele escribían os enseños peninsulares —tanto de dentro como de fora de Galiza— candoa-lingoa de Castela non tiña categoría literaria. O galego e un idioma extenso e-útil, porque —con pequenas variantes— falase no Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas. O galego rexurden no século pasado con poetas tan esgrevios como Rosalía, Curros e Pondal. O noso idioma ten tal fermosura que un poeta andaluz como García Lorca— o poeta mártir— non foi quen de resistir, o seu engado e compuxo poemas-en galego. O galego somentes refugado polos señoritas ou por-traballadores que quixeran ser-señoritos— e hoxe o idioma que prefiren os inteleituas como vehículo-da nosa cultura, pero aínda que carescera de tantos méritos contraídos, abondaríalle ser a fala-do-pobo traballador pra estar dinificado de por sí, pois o galego e unha exencutoria viva de traballo unha célula honrosa de cidadanía e democracia. Non esquezamos que si aínda somos galegos é-por obra e gracia do idioma.

### CASTELAO

(Ven da pax. central)

parto de trabucos canto pra se administrar patriarcalmente, sin leguleios e tramposos, a xustiza local e constituirse os organismos comarcoes en consoancia coas eixistencia xeográficas. Sobor dista base inconvivibel. Non é posibel que o verdadeiro "self-governement" se impona? Asi o caciquismo desaparecerá de xeito cáseque automático pra que a vontade do pobo —como en Suiza poño por exemplo— poidera ollar seus anxeios de triunfo.

Quen non sinta pensando nisto unha gran emoción criadora: Quen pensando nisto tan viabel, tan lóxico, tan humano; non amostre un vivo desexo de colaborar a obra da autonomía, será coscente ou inconscientemente, un probe de espírito, merescedor da escravitude. Soio o réxime autonómico pode ser o gran escultor da nosa grandeza.

## UNHA PROBA MAIS

Hoxe presentamos á consideración dos estimados lectores o caso da prestixiosa revista "Vieiros", que se publica no México. E iste un feito dos que a miúdo acontecen na Hespaña aitual; e como fala por sí mesmo con verbas tan eispresivas, o deixamos eisi, espido, casque sin comento. Velahí o que pasou:

A nomada revista "Vieiros", editada polo Padroado da Cultura Galega no México, e un mensaxe permanente de liberdade e de xusticia, unha farola sempre acesa que alumea o espírito da galegitude, sementa cultura, eisalta os nosos valores i espalla con profundidade os sentimentos patrióticos. Giándose de boa fe por ises nobres prencípios, intentou, con todo dereito, chegar os lectores na Terra nai. I o direitor xeral de prensa, Ministerio de Información e Turismo, interferiu de contado, con unha cara lavada que fai tremar ás pedras, diste xeito e coa descacholada resolución que di eisi:

"Vista su instancia de fecha 16 de diciembre de 1965, solicitando que se autorice la distribución y venta en España de la revista "Vieiros", publicada en Méjico, esta Dirección General, a la vista de los números presentados como muestra, ha acordado desestimar dicha petición.

"Lo que comunico a usted para su conocimiento y efectos, significándole las responsabilidades en que podría incurrir en caso de transgresión.

"Dios guarde a Ud. muchos años.

"Madrid, 14 de marzo de 1966.

"El Director General de Prensa (Fdo.) al Sr. Director de la Distribuidora «Padroado da Cultura Galega», Orense".

(Hay un membrete y un sello: Ministerio de Información y Turismo. Dirección General de Prensa. Sección Prensa Extranjera).


¿Qué lles parece? ¿Non é ista unha proba ben remachada de que a liberdade da prensa no "paraíso" franquista é un conto chino (con perdón dos fillos do Celeste Imperio) ó que xa non lles dan creto nin tan siquiera os máis pechados de entendemento. Aínda máis: Isto sinala sin voltas o pouco tiño do Goberno que por forza o noso querido pobo ten que sufrir até que rompamolas cadeas que nos escravizan.

JADV.

MINISTERIO DE INFORMACIÓN Y TURISMO  
DIRECCIÓN GENERAL DE PRENSA

Sección Prensa Extranjera

N.º



Vista su instancia de fecha 16 de Diciembre de 1.965, solicitando que se autorice la distribución y venta en España de la revista "VIEIROS", publicada en Méjico, esta Dirección General, a la vista de los números presentados como muestra, ha acordado desestimar dicha petición.

Lo que comunico a Vd. para su conocimiento y efectos, significándole las responsabilidades en que podría incurrir en caso de transgresión.

Dios guarde a Vd. muchos años.

Madrid, 14 de Marzo de 1.966.  
EL DIRECTOR GENERAL DE PRENSA,



*[Handwritten signature]*

SR. DIRECTOR DE LA DISTRIBUIDORA "PADROADO DA CULTURA GALEGA" - ORENSE.

## PROXEITO DE ASOCIACION DE CULTURAS PENINSULARES

Parés evidente que a función dos Coloquios Cataluña - Castela se non esgota senón máis ben solo escomezan, nas xuntanzas que se levan celebrado deica agora por dúas vegadas. Pra que as reflexións que se fán poidan trocarse en algo minimamente articulado operante e serio, e mester crear un instrumento que dea canle axeitado a isa acción. Unha proba de que isto e necesario témola no feito de que endexamais se ten pasado de meras encetativas; os proxeitos que se ten acordado por en práctica logo de primeira xuntanza, e ceáis o millor xeito de por en práctica o propósito que eiqui se asinala. Consistiría en fundar, coa denomeación que figura no encabezamento distas liñas ou con outra semellante, unha asociación, en cuiu seo fora posibel desenrolar sistemáticamente as diversas tarefas que requer o eficase tratamento do problema que nos ocupa.

Isa asociación, que podería beneficiarse coa axuda financeira de diferentes ourixén, enchería varios auxetivos que resultan eisenciaes. Sería o núcleo promotor e ordeador de estudos rigorosos encol de aspeitos concretos do problema xeral ou sobor das suas vertentes rexionaes. Favorecería o conocemento das línguas e as culturas periféricas nas rexións de fala castelán, así como o, intertroque entre os pobos diferenciados que conviven dentro do Estado español. E o que é máis importante: fecería posibel que existira unha comunicación orgánica e constante entre os homes e os círculos representativos dises pobos. De algún xeito contribuiría tamen a crear entre os seus membros e a proxectar hacia o eisterior, algo que ben podería chamarse espírito federativo e que podería axudar a desfacer moitos dos prexiciós e clixés conque tropeza a solución que se busca.

Isa asociación debería ter un centro en cada unra das seguintes zonas: Madrid, Castela-León (con Extremadura), País Vasco, Asturias, Cataluña, Mallorca, Valencia, Galicia, Andalucía i-eventualmente Canarias. O centro de Madrid, a maneira de distrito federal de isa Federación incoada podería aitar como foco de converxencia e coordinación global das actividades de todolos demais centros.

Os asistemtes a segunda xustanza dos Coloquios Castela - Cataluña poderían constituirse en Comisión promotora de tal asociación, e desñiar do seu seo unha Ponencia que se encargase de redactar un proxeito de estatutos e de estudar os problemas legais e de xestión que a realización diste proxeto levaría aparellados.

Como e lóxico, compriría dar a ista asociación unha figura o máis académica posibel, co ouxeto de facer posibel a sua aprobación polas autoridades. A tal auxeto poderan ser presentadas como actividades específicas da entidade as seguintes:

- Estudos de carácter lingüístico e literario, en xeral.
- Estudos históricos.
- Estudos etnográficos e sociolóxicos.
- Estudos sobor de economía e administración rexional.
- Promoción de aitos culturais tales como conferencias, cursos, etc., relacionados con istes temas.
- Publicacións.

A existencia dunha sociedade así concebida non excluiría a repetición dos coloquios, ampliados o

(Continúa na pax. 8)

## CABODANO DO ESTATUTO

O se cumprir o día 28 de Xunio o trixésimo cabodano do plebiscito do Estatuto do Galiza. Refirmamos una vegada máis a vixencia permanente dos dereitos de noso país a dispor da súa vida artellando os instrumentos políticos que lle permitan un axeitado desenrolo de todosos elementos de vida con que conta, para deixar de ser unha "fábrica de emigrantes" e se trocar no fogar dun pobo dono de si mesmo vivindo en harmonía coa propia tradición histórica, enroitado por impetativos de ben común. Naquela gloriosa data do 28 de xunio de 1936 Galiza fixo ouvir unánime a súa vontade xa que apenas 6.000 votos manifestáronse en contra dos 993.000 que votaron en favor do Estatuto; representa o pronunciamento máis categórico conque un pobo podelle decir o mundo cal é a súa vontade. Galiza constitúe un país e un pobo diferente e como non padece de chauvinismos non teima ser superior a outros países e outros pobos máis tampouco acepta que existan outros pobos superiores, e cando tan acontece cáscas que sempre de parte dos que teñen menos fundamento, como esta poyadoo por xentes tolerantes en vez de sentir xeneira site lástima. Pero elo non debe ser oustácullo pra que teñamos orguleza da nosa condición de falegos que nos da concencia do noso propio valer. A nosa Terra non precisa nin quer vivir da prestado como acoteceu deica agora por imposición dun centralismo bárbaro e reacionario que soberpan o noso xenio creador xeitos de vida alieos que convirten o noso Chán nunha caricatura pois non outra cousa resulta un país que teima deixar de ser o que é por si mesma pra se anular no vao intento de teimar ser o que outros son.

## O GALEGO NA LITURXIA

Apesares do clamor que se deixou ouvir en Galiza de parte dos círculos relixiosos, xornalísticos, culturais etc., encol do emprego do idioma vernáculo nos oficios da liturxia tal como derradeiramente o dispuxera o Concilio Ecuménico Vaticano II, o clero do noso país inda sigue opóndose a tan acertada e xusta disposición e pra elo ven botando mán dos máis hipócritas subterfuxios demostrando unha vegada máis a súa total falta de identificación co país e o pobo onde teñen de exercer o seu ministerio.

Un dos requisitos que se teñen de cumprir pra que o noso idioma poida ser empregado nas actividades da Irexga Galega, consiste en que os Bispos soliciten do Vaticano a corresponde autorización. Máis velahí que como a maioría dos devanditos prelados non son galego e aitian na nosa Terra como en territorio conquistado, non tanto pra servir á Irexga señón como devanceiros do poder hexemónico castelán, derivaron a súa responsabilidades pedindo que a solicitude correspondente fora feita polo Gardeal Arzobispo Quiroga Palacios, na súa condición non sementes de única xerarquia eclesiástica fillo do país galego, señón tamén na súa calidade de máxima autoridade i-eiquí fica o grave do problema: iste Monseñor que, por galego, por cristián, por pastor de almas e por morar nun mundo onde ten de imperar a comprensión, se quer superar os graves males que o aqueixan, entre outras cousas, remedando con fidelidade dina de millor causa a Poncio Pilatos, lava as suas máns e sin chegar a negar abertamente o dereito da Galiza a empregar a súa fala nos oficios relixiosos, de feito negaos xa que a tal negativa equívul condicionar a correspondente solicitude á opinión do noso clero rural, conocida de todos cal é a mentalidade antigalega tradicional do clero devandito.

Cando comparamos istas atitudes coa de Dom Aureli M. Escarré, Abade do Monserrat e sobor de

tudo coa de Makarios o patriota chipiota; canta cativeza amostan as nosas autoridades relixiosas. A servidume política, di Pierre Morame, envilece o pobo que a acepta, ser instrumento disa servidume e a máis degradante posición que pode ouservar un home máis aínda si usa o seu ministerio pra levala a cabo.

Si a Irexga galega terá de ter proxeición de futuro no sentir do pobo galego, será mester que troque a súa aitude tocante os nosos problemas; a iste respeito compre repetir uns conceitos de Rovira y Virgili encol da nación Armenia, escravizada secularmente por países máis fortes como son Rusia, Turquía e Persia. "O ter nuha relixión distinta e propia, ten contribuído en gran xeito a afirmar e manter o sentimento nacional entre os armenios. Até aqueles patriotas que teñen perdido a fe relixiosa, respetan a Irexga gregoriana, porque e unha institución nacional. Tan íntimo é o vencello entre a relixión e a nacionalidades que os armenios gregorianos, considéranse como os verdadeiros e únicos armenios e negan ista condición ós armenios unidos a Roma, apesares der ter sido Ghevon, Alichán e Chanchian tres freires románs os que resucitaron a historia armenia.

## DÍA DOS MARTIRES

O 17 de agosto do ano 1936 caeu asesinado polo chumbo dos fusiles falanxistas no bosque de Caeria, perto de Pontevedra, o patriota galego, Segredario Xeral do Partido Galeguista e brillante economista Alexandre Bóveda. Dende aquela tristeira data o seu martirio adequireu xerarquia de símbolo e Bóveda trocouse no Protomartir dos milleiros de patriotas que, como ele, oferendaron o seu sangue xeneroso por defender os dereitos e liberdades da súa patria escravizada. O se cumprir os treinta anos do seu martirio, a Galiza ceibe; a Galiza fidel o seu destino histórico; a Galiza que non poideron matar as balas asesinas; lembra os seus mártires e réndelles o millor homenaxe que se lles pode render: Ser fideles os ideaes de redenzón e liberdade, polos cales morreron e polos cales vivirán eternamente na lembranza do seu pobo.

*Galiza e a millor esquina do solar hispánico, cabo do mundo antigo e avanzada de Europa no mar inmenso da liberdade. A arquiteitura barroca do noso chan labrada en pedra granítica, está sempre cuberto por un manto de zugooso verdor. Os montes son redondos como peitos de muller e as serras son como lombos de boi cebado. Os vals son ledos e farturentos. O mar tolea de carraxe cando non o deixan penetrar na terra; pero cando entra quédase no leito das-rías. Galiza é unha unidade territorial amónica, de formas e coor, perfectamente diferenciada do resto de Hespaña.*

## CASTELAO

(Ven da pax. 7)

Pais Valenciano, Pais Vasco e Galicia, que por outra parte poderan ter un eficaz complemento no coloboración dun semanario sobor "Problemas do Desenrolo Rexional" que a comenzos do ano próximo xuntarase en Córdoba e que en anos sucesivos podería xuntarse rotativamente noutras cidades.